



## **AUTOINFORME DE SEGUIMENTO**

**Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio**

**Curso Académico: 2016-2017**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras
  - Abertas curso 2016-2017
    - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade

<b><u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u></b>	
Denominación do título	Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio
Mencións/Especialidades	---
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	----
Centro responsable	Facultade de Xeografía e Historia
Centro/s onde se imparte	Facultade de Xeografía e Historia
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	NON
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	06/07/2009
Data renovación acreditación	11/03/2015

## CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse dacordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egresado do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A titulación do grao de XEOGRAFÍA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO é titulación única no SUG e ofértase na Facultade de Xeografía e Historia da USC. A día de hoxe, e de acordo coas recomendacións do *Informe de avaliación do Plano de Viabilidade do Grao de Xeografía e co Plan de Viabilidade* estase levando a cabo unha revisión do Título reforzando as súas fortalezas e paliando as súas debilidades para adaptalo o mellor posible ás necesidades da sociedade actual onde os coñecementos xeográficos son cada vez máis necesarios: demografía, riscos naturais e antrópicos, xeopolítica, análise e incidencia do turismo no territorio, por citar algúns dos contidos da titulación. En este momento o Plano foi aprobado por unanimidade na Xunta de Facultade o día 25 de abril do 2018 e foi elevado ao Consello de Goberno da USC, para continuar co proceso de tramitación.

Desde o curso 2012-2013 este grao oferta 60 prazas (55 no curso 2015-2016). (Fonte: IN01G-PC-05). Das prazas ofertadas, no curso académico 2015-16 cubriuse o 72,73%, porcentaxe que foi aumentando desde o curso 2013-14, momento de inflexión na tendencia; así, a evolución da porcentaxe de matriculados en relación ás prazas ofertadas foi a seguinte: curso 2012-13: 81,67%; curso 2013-14: 48,33%; curso 2014-15: 63,33%; curso 2015-16: 72,73%; curso 2016-17: 70,9% (Fonte: IN12G-PC-05). Este aumento da matrícula nos últimos cursos pode deberse ao esforzo de difusión do Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio entre o alumnado e profesorado de ensino secundario, en correspondencia coas recomendacións do Informe de avaliación e do Plano de Viabilidade do Grao de X. e OT.

O número de estudantes matriculados na totalidade do grao segue unha tendencia crecente desde o curso 2010-2011 pasando de 77 a 148 alumnos (Datos de matrícula: curso 2010-11: 77; curso 2011-12: 108; curso 2012-13: 128; curso 2013-14: 125; curso 2014-15: 133; curso 2015-16: 141; curso 2016-17: 148) (Fonte: IN02G-PC-05). A matrícula de novo ingreso estabilízase ao redor dos 40-45 alumnos despois dun descenso entre os cursos 2010-11 e 2013-14 que pasou de 62 a 29 alumnos (Datos de matrícula: curso 2010-11: 62; curso 2011-12: 58; curso 2012-13: 49; curso 2013-14: 29; curso 2014-15: 41; curso 2015-16: 43; curso 2016-17: 39). En torno ao 80% do alumnado matriculado procede das Probas de acceso á Universidade, e os restantes proceden de FP, de adaptación de plans anteriores ou de acceso por maiores de 25 anos (Fonte: IN03G-PC-05). En consecuencia, a maioría dos estudantes que acceden a este Grao matrículase por primeira neste plan de estudos (Datos.-Nº de estudantes que se matriculan en 1º curso dun plan de estudos por 1ª vez: curso 2010-11: 61 ; curso 2011-12: 53; curso 2012-13: 49; curso 2013-14: 29; curso 2014-15: 38; e curso 2015-16: 40 (Fonte: IN04G-PC-05). No curso 2016-17 a matrícula foi de 39.

A nota media de acceso no curso 2015-16 foi de 6,91, superior á de anos anteriores (Datos nota media: curso 2012-13: 6,48; curso 2013-14: 6,45; curso 2014-15: 6,45; curso 2015-16: 6,91; curso 2016-17: 6,64) (Fonte: IN06G-PC-05). E é unha clara maioría o alumnado que accede á titulación cunha puntuación igual ou superior a seis puntos, maioría que se

viu moi incrementada entre este curso e os inmediatamente anteriores (Datos: porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis: curso 2010-11: 29,03%; curso 2011-12: 44,64%; curso 2012-13: 59,18%; curso 2013-14: 44,83%; curso 2014-15: 52,94%; curso 2015-16: 71,43%; curso 2016-17: 60,53%) (Fonte: IN07G-PC-05).

A maioría do estudiantado do Grao procede de Galicia. Con todo, nos últimos cursos obsérvase un crecemento relativo de estudantes de fóra de Galicia sobre todo do resto de España máis que do estranxeiro (Datos: porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados: curso 2010-11: 1,30; curso 2011-12: 1,85; curso 2012-13: 1,56; curso 2013-14: 1,6; curso 2014-15: 3,76; curso 2015-16: 3,55; curso 2016-17: 2,03) (Fonte: IN09G-PC-05). Incentivar a incorporación de alumnado foráneo tamén é outra das recomendacións recollidas no Informe de avaliación do Plano de Viabilidade do Grao de X. e OT. A proporción de estranxeiros matriculados, excluídos os de programas de mobilidade, é menor (curso 2010-11: 0,0; curso 2011-12: 1,85; curso 2012-13: 1,56; curso 2013-14: 2,40; curso 2014-15: 2,26; e curso 2015-16: 1,42; curso 2016-17: 0,68) (Fonte: IN08G-PC-05). Os estudantes que se desprazaron a outras universidades no marco de programas de mobilidade tiveron un forte descenso no período 2013-14/2014-15, que empezou a recuperarse no último curso analizado (Datos.-Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados: curso 2010-11: 0,0; curso 2011-12: 0,0; curso 2012-13: 1,56; curso 2013-14: 4,0; curso 2014-15: 2,26; e curso 2015-16: 2,84; curso 2016-17: 3,38) (Fonte: IN17G-PC-08). Maior importancia teñen os estudantes recibidos pola USC no marco de programas de mobilidade, aínda que segue a mesma tendencia que os anteriores (Datos.-Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados: curso 2010-11: 3,90; curso 2011-12: 7,41; curso 2012-13: 10,94; curso 2013-14: 14,40; curso 2014-15: 6,77; e curso 2015-16: 7,09; curso 2016-17: 7,43) (Fonte: IN18G-PC-08).

Hai que engadir que as mudanzas que se están a producir na planificación do territorio, medio ambiente e paisaxe requiren tanto unha especialización do profesorado que deberá vir da USC como de medios técnicos. O material informático e o *software* ten que estar máis actualizado que na actualidade. O non estalo provoca dificultades na ensinanza/aprendizaxe dos alumnos/as.

## 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na actualidade os módulos e as materias que se ofertan no título de Xeografía e Ordenación do Territorio, tal e como figura na páxina web do centro e na publicación do BOE, correspóndese na súa integridade cos que aparecían na Memoria de verificación do título así como cos aspectos recollidos en modificacións realizadas ao longo destes anos, para adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe dunha maneira máis axeitada tanto ás necesidades dos alumnos como ás dos docentes. (Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 385/2009 do 27 agosto (DOG 16/09/09) Data de publicación no BOE: 5 de marzo de 2010, Fontes BOE. <https://boe.es/boe/dias/2010/03/05/pdfs/BOE-A-2010-3679.pdf> Plan de estudos. <http://www.usc.es/es/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=12713&estudio=12714&codEstudio=12317&valor=9>

## 1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do

**plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O labor de coordinación entre o profesorado é una práctica habitual que se incrementa co transcorrer dos cursos académicos, pois é imprescindible nunha modalidade baseada nun modelo de ensino presencial baseado nas competencias, o que obriga ao estudiantado –ao igual que o profesorado- a desenvolver un papel activo. Esta coordinación prodúcese tanto de forma, vertical como horizontalmente, entre os docentes da titulación, co fin de realizar unha distribución óptima da carga de traballo autónomo dos alumnos ao mesmo tempo que evitar reiteracións de contidos das diferentes materias, polo que respecta ás programacións, (Fonte.- <http://www.usc.es/es/centros/xehistoria/programas.html?plan=12734>) antes da súa aprobación pola Xunta de Facultade do Centro, son revisados e contan coa informe favorable da Comisión de título, requisito que é imprescindible para a súa aprobación na Xunta de Facultade.

Outra dos labores de coordinación foi a realizada no campo dos horarios no que se imparten os estudos no que se mantén una certa tendencia á estabilización con respecto aos anteriores cursos, no que se evita na medida de posible, a existencia de valeiros de cara a impartición das diferentes materias. (Fonte.- [http://www.usc.es/es/centros/xehistoria/horario\\_cursos.html](http://www.usc.es/es/centros/xehistoria/horario_cursos.html))

As labores de coordinación que tamén se incrementan coa activación de diferentes aulas virtuais de coordinación tanto dos diferentes cursos académicos como de coordinación en xeral da titulación. Esta ferramenta resulta moi útil para mellorar e axilizar as tarefas de comunicación entre os docentes e os discentes da titulación de Xeografía e OT, poia facilita os dous niveis de coordinación entre todos os que participamos no desenvolvemento académico e de prácticas da titulación. Outro aspecto que debemos salienta son as reunións levadas a cabo pola Comisión da Titulación, ratificadas pola Comisión de Calidade do centro, na que figuran representantes do alumnado do título, nas que se debaten e aproban todas as cuestións relativas ao funcionamento, mellora e modificación que poda afectar á titulación. Dito o anterior, hai que apuntar que a elevada carga docente do profesorado réstalle moito tempo a desenvolver estas actividades de coordinación tan necesarias no modelo educativo vixente na actualidade.

**1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A experiencia amosa que os alumnos/as que chegan ao Grao descoñecen na súa meirande parte a realidade do mesmo e que no caso do título de Xeografía e Ordenación do Territorio, tal e como figura na propia web do centro (<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=12734&estudio=12735&codEstudio=12332&valor=9>) , non conta cun perfil de acceso específico, no que se requira a existencia dunha formación previa concreta, para os alumnos que queren realizar os seus estudos no Grao.

**1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:**

As normativas tanto de permanencia como as dos sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, funcionan de xeito axeitado para a titulación de Xeografía e Ordenación do Territorio, tal e como se desprende da satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade, no que a cifra se atopa por encima do 3 (Datos.- *Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade*. Curso 2014-15.- 3.61; Curso 2015-16.- s/d e Curso 2016-17.- 4,07. Fonte.- IN15G-PC-08).

En canto á porcentaxe de estudantes que parten da USC a través dos programas de mobilidade seguen mantendo uns valores moi baixos, pero estables, nestes anos, en relación coa situación económica que estamos a vivir nesta década e á escasa cobertura que ofrecen as bolsas concedidas ao efecto (Datos.- *Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados*. Curso 2009-10.-s/d; Curso 2010-11.- 0; Curso 2011-12.- 0; Curso 2012-13.- 1,56; Curso 2013-14.- 3.49; Curso 2014-15.- 4; Curso 2015-16.- 2,26 e Curso 2016-17.- 2,84. Fonte.- IN17G-PC-08).

A estabilidade tamén se observa ao analizar os datos de Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (Datos.- Curso 2013-14.- 2,62; Curso 2014-15.- 0; Curso 2015-16.- 4,14 e Curso 2016-17.- 4,29. Fonte.- IN19G-PC-09). Situación que tamén se establece nas enquisas que se realizan no noso Centro, tanto ao alumnado como aos titores e titoras profesionais das PAE. (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/pae.html>.)

Estes datos porcentuais cobran especial relevancia ao comprobar o alto número de alumnas e alumnos que defenden publicamente e superan o TFG, (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/tfg.html>). Durante o curso 2016-17 presentáronse 23 TFG dos que 2, obtiveron a cualificación de Aprobado, 12, Notable, 8, Sobresainte e 1, Matrícula de Honra.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de intereseas características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Xeografía e Historia conta cunha páxina web actualizada na que se recolle toda a información relevante da titulación de Xeografía e OT (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/index.html>) para a súa difusión entre aquelas persoas interesadas, enténdase o alumnado matriculado nos diferentes cursos ou os potenciais estudantes.

En referencia a este último colectivo tamén se dispón de información dos programas deseñados para a captación de alumnado, como é o programa “A Ponte entre o ensino medio e a USC”, (Fonte.- <http://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/>), programa de charlas informativas impartidas por profesorado do título nos seus centros de ensino dos futuros posibles estudantes, ou ben por medio dunha atención máis personalizada previa solicitude dos interesados. (Fonte.- <http://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/encontros.html> ).

Esta información, que se transmite polos responsables da titulación e que, de xeito xeral, se acompaña dunha presentación multimedia, completada coa que pon a nosa disposición a nosa Universidade a través do mantemento actualizado da súa páxina web, no referente aos procedementos de matrícula (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/matricula/tramites.html?estudio=12735&ano=66&cursoPonte=0> ).

Tamén na páxina web da Facultade está dispoñible a información detallada da titulación (información, obxectivos, competencias, programacións, horarios ... (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/titulacions.html?plan=12734&estudio=12735&codEstudio=12332&valor=9>) xunto con toda aquela que lle vale ao estudante para acadar un coñecemento adecuado sobre o seu proceso de formación, mentres se atope vinculado á USC.

Este tipo de información desprégase nun cadro de novidades, e a información que figura na web ten especial significación para os alumnos de cuarto curso, ano no que pode realizar as Prácticas Académicas Externas –PAE–, (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/pae.html>) que contan cun regulamento e calendario propio, e o mesmo que o Trabajo Fin de Grao- TFG- (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/tfg.html>; <http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/regulamentos.html>)

Tamén outra das formas de difusión é a que se fai no momento en que os estudantes xa se atopan xa matriculados, destinada aos alumnos de primeiro curso. Así na primeira semana, tal e como figura no seu horario, faise unha sesión informativa polos responsables da titulación, na que se lles explican os requisitos mínimos para a súa superación, as infraestruturas que poderán utilizar e o funcionamento do centro (Fonte.- <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeoehistoria/descargas/04xeografia.pdf>)

Ademais destas sesións os estudantes contan tamén, dentro do Programa A Ponte, coa figura de alumnos tutores, nos que os estudantes veteranos orientan os novos (Fonte.- <http://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/cursotutores.html>) para facilitarlles o proceso de integración na propia Universidade. Esta información ao que a alumno accede a través da propia web tamén se difunde na web da propia facultade no apartado de novidades, no que se publicita a convocatoria para que os diferentes alumnos/as do centro poidan participar.

(Fonte.- [http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/modules/news/news\\_0007.html](http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/modules/news/news_0007.html) ).

Estas actividades de presentación e de apoio aos novos estudantes complementáanse durante o desenvolvemento do primeiro curso coa organización de reunións cuadrimestrais entre os alumnos e coordinador de curso e do título para facilitar a comunicación entre as persoas implicadas no proceso de docencia ao tempo que poder corrrixir calquera desequilibrio existente.



Do mesmo xeito para aqueles alumnos, especialmente do último dos cursos a Facultade, organiza una serie de xornadas, no que trata de presentar o alumnado, información dispoñible para a súa orientación profesional, cuxa información tamén se publicita na web do centro. (Fonte.-<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/infotitulos.html>) .

Por último, para afondar máis na transparencia da información, tamén na web do centro se informa tanto dos acordos adoptados pola Comisión Permanente (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/acordoscomision.html>) como pola Xunta de Facultade (<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/acordosxunta.html>).

En función disto, en relación cos criterios acadados polo título desde os primeiros anos da súa implantación, mantense a nivel de información pública unha política de transparencia que é viable grazas á mellora dos sistemas de información da titulación, ao tempo que o sistema organizativo derivado da mellora dos sistemas de transmisión da información propician que o alumnado se manteña plenamente informado das cuestións que poden afectar de xeito directo a titulación.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregarlos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza eo profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2010-11 o SGIC da Facultade de Xeografía e Historia foi presentado á súa verificación pola ACSUG. A devandita verificación respondía ao compromiso adquirido na Memoria de Verificación do Título para poder desenvolver un manual transparente e accesible a todos sobre o proceso de análise, medición e mellora das prácticas docentes dos títulos.

O devandito sistema de garantía de calidade deu lugar á correspondente Comisión de Calidade do Centro que, integrada polos responsables do centro, os directores de departamento e os coordinadores dos títulos, e representantes do alumnado (Fonte.- [http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/Comisixns\\_delegadas\\_marzo\\_2015.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/Comisixns_delegadas_marzo_2015.pdf)). Como ocorre cos acordos acadados na Xunta de Facultade (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/acordosxunta.html>) e na Comisión Permanente, os acordos da de Calidade fanse sempre públicos (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/acordoscomision.html>). A Comisión de Calidade asume a responsabilidade sobre os procedementos e sistemas desenvolvidos en todos e cada un dos títulos que se imparten na Facultade.

Trátase en esencia dun documento onde se recollen os procedementos a seguir e contribúe a transparencia ao tempo que garante a calidade das ensinanzas, garantías incrementadas coa aprobación polos membros da Comisión Externa da titulación, que xa está proposta e será nomeada en este curso, no que terá a súa primeiras xuntanzas.

A valoración do título por parte da axencia avaliadora foi positiva aínda que propuxo melloras que se foron introducindo, xunto coas recollidas no Plan de Viabilidade, no procedemento. O SIG da Facultade permite e vela para que a totalidade dos procedementos de xestión do Centro sexan transparente e público, para todos os sectores que forman parte tanto da titulación como do Centro.

A calidade da docencia reflíctese na evolución positiva de satisfacción do alumnado (Datos.- *Satisfacción do alumnado coa docencia recibida*.- Curso 2011-2012.- 3,87; Curso 2012-13.- 3,96. Curso 2013-14.- 4,02; Curso 2014-15.- 3,82; Curso 2015-16.- 3,92; Curso 2016-17.- 4,09 Fonte.- IN46G-S01-PM-01). Hai que apuntar, porén, que a porcentaxe de enquisas é pequena, dado que, raramente supera o 40%, o que non potencia a viabilidade da mostra. (Datos.- *Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida*.- Curso 2011-2012.- 30,34; Curso 2012-13.- 42,48; Curso 2013-14.- 29,38; Curso 2014-15.- 28,25; Curso 2015-16.- 27,65; Curso 2016-17.- 20,37; Fonte.- IN48G-PM-02). Máis preocupante aínda resulta ser a resposta do profesorado, que non acada o 4 (Datos.- *Satisfacción do profesorado coa docencia impartida*.- Curso 2013-14.- 3,67; Curso 2014-15.- 3,5; curso 2015-16.- 3,53; Curso 2016-17.- 3,49; Fonte IN47G-S01-PM-01). Parece, pois, fundamental incentivar tanto a participación do alumnado como do profesorado.

Tampouco é significativamente alta a satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade (Datos.- *Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade*.- Curso 2015-16.- 3,23; Curso 2016-17. 4,07; Fonte IN15G-PC-08); isto pode ser explicado por unha redución do número de bolsas concedidas e, en consecuencia, a menor participación dos alumnos nos programas de mobilidade. En relación coa taxa de satisfacción xeral dos egresados coa

titulación, obsérvase unha certa inestabilidade cunha tendencia á alza no último curso (Datos.- *Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación*. Curso 2012-13.-4,26; Curso 2013-14.-2,82; Curso 2014-15.- 3,56 Curso 2015-16.- 2,7; Curso 2016-17.- 3,65. Fonte IN42G-S01-PM-01). Obsérvase algo semellante en relación co grao de satisfacción dos egresados cos servizos (Datos.- *Grao de satisfacción dos egresados cos servizos*. Curso 2012-13.-3.86; Curso 2013-14.- 3.46; Curso 2014-15.- 3,67; Curso 2015-16.- 2,94 e 2016-17.-3,33. Fonte. IN33G-PS-03).

### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A valoración sobre a aplicación do SGIC é positiva, xa que este é o procedemento que permitiu melloras nos sistemas de análise e de valoración dos datos, así como o seguimento que se pode realizar das diferentes medidas adoptadas para unha mellora efectiva da titulación, así como dos diferentes procedementos e actores que en participan activamente nela.

### **3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A cultura de calidade atópase presente no centro no que se imparte o título de Xeografía e Ordenación do Territorio, así como nos diferentes centros relacionados coa a súa docencia, tal e como se evidencia na creación do Comité Consultivo Externo da Facultade de Xeografía e Historia (<http://www.usc.es/es/centros/xeohistoria/sgic.html>)

## **DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

### **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título eo número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente ea súa cualificación éa adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos,as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A escaseza de recursos humanos é un dos graves problemas que afronta o Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio. O profesorado está sobrecargado e non nas mellores condicións para impartir unha docencia de calidade. Cando comezou a impartirse o Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio, o Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela contaba con 22 profesores. Destes, 21 eran funcionarios (catedráticos e profesores titulares), e tan só había unha profesora asociada a tempo parcial.

Este cadro de persoal era responsable do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio, do Máster en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial e ademais impartía docencia noutros másters da Universidade de Santiago de Compostela.

Na actualidade, os recursos humanos do Departamento de Xeografía evolucionaron cara a unha situación sensiblemente diferente, caracterizada pola menor proporción de profesorado estable e o incremento de profesores con contratos precarios, en varios casos a tempo parcial. Este novo cadro de profesorado está integrado por 3 catedráticos de universidade (dos cales un deles se xubila o 31 de agosto de 2018), 11 profesores titulares, 1 profesor titular en servizos especiais, 3 profesores interinos de substitución a tempo completo (2 deles con acreditación para profesor titular) e 3 profesores interinos de substitución a tempo parcial, ademais dos contratados posdoutorais.

A sobrecarga docente vese agravada porque moitos dos profesores desempeñan cargos de xestión (decano da Facultade, director e secretario de Departamento, coordinador do Máster e Director do CETUR, director do CEER, etc). A necesidade de desempeñar cargos como esixencia para o correcto funcionamento dos órganos colexiados e para a dinamización da investigación, aínda que en moitos casos conta con recoñecemento de descontos docentes, consume aínda máis tempo a un profesorado xa de por si sobrecargado cos seus labores de docencia e investigación, nun contexto onde as esixencias burocráticas son cada vez maiores.

Sen dúbida a situación máis preocupante é a que afecta o profesorado máis novo, especialmente aqueles profesores que teñen contratos a tempo parcial. Cun salario mensual lixeiramente superior aos 300 euros, han de dar clases, publicar, dirixir traballos de investigación, participar en proxectos de investigación e ser moi activos para acumular méritos que lles permitan superar con éxito os difíciles procesos competitivos que lles permitirán os seus postos de traballo.

Todo isto hai que contextualizalo dentro duns niveis de calidade do profesorado certamente elevada. A maioría do profesorado do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio está encadrado dentro de grupos de investigación que

son considerados pola Xunta de Galicia como grupos de referencia competitiva, é dicir, de excelencia. Estes grupos de investigación contan cunha produción científica moi relevante, con numerosos artigos científicos indexados en JCR e Scopus, así como dirección de teses de doutoramento e proxectos competitivos. O Departamento de Xeografía é o terceiro de España por produción científica, por detrás dos departamentos da UAB e da UB, se ben cuns medios e recursos humanos sensiblemente menores que estes dous citados.

En relación co recoñecemento das capacidades docentes do profesorado, é preciso sinalar que os recortes que se rexistraron nos últimos anos no ámbito universitario foron moi negativos para a estabilización docente. Como xa dixemos, o profesorado máis novo ten unha capacitación sobresaliente, pero non ve recoñecida a súa probada excelencia (a través de acreditacións pola ANECA e a ACSUG) con posibilidades de promoción. A situación é especialmente grave no caso de dous profesores contratados interinos por substitución que están acreditados ámbolos dous para profesores titulares desde hai máis de catro anos. A imposibilidade de estabilización ata o momento non é só negativa para os seus intereses e situacións persoais, senón que lles impide ter recoñecidos sexenios de investigación, o que afecta negativamente aos seus grupos de investigación e, por extensión, a todo o Departamento e aos indicadores de calidade do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.

A institución non ofrece ningún tipo de oportunidades de actualización, algo moi necesario no eido da Xeografía e Ordenación do Territorio.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente ea súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O persoal de apoio que participa no título é suficiente para atender as necesidades do mesmo. Está composto, tal e como figura na web do centro, por doce membros entre os que recaen as funcións de apoio e de xestión administrativa do centro (persoal de servizo 5; persoal de decanato.- 2; persoal de administración nos departamentos.- 3; persoal de xestión económica.- 3), complementándose este persoal co que desenvolve a súa actividade na Biblioteca da Facultade, no que realizan a súa labor tanto persoal técnico como auxiliar (10 membros) (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/pas.html>.)

Este persoal conta, ao igual que no caso do PDI, cun programa de formación propia (fonte.- USC: [http://www.usc.es/gl/servizos/pla\\_pas/formacion/](http://www.usc.es/gl/servizos/pla_pas/formacion/)), polo que presenta unha alta formación e experiencia.

Boa proba de este sentido é o feito da satisfacción dos egresados cos servizos ofertados (Datos.- *Grao de satisfacción dos egresados cos servizos*.- Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- s/d; Curso 2012-13.- 3.26; Curso 2013-14.-3,46; Curso 2014-15.-3.67; Curso 2015-16.-2,94; Curso 2016-17.-3,33. Fonte IN33G-PS-03).

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar seos recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes eo profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nestes intres a Facultade dispón de recursos materiais e servizos necesarios para a impartición do título; non obstante, hai que sinalar que, no caso de Xeografía e Ordenación do Territorio, faise preciso una modernización dos equipos informáticos e de laboratorio. Por outra parte é importante intentar aumentar os espazos de traballo comunitario e de titorías en grupos reducidos, para adecuar a estas funcións ás aulas cuxas dimensións no se axustan a estas necesidades.

Igualmente, debe terse en conta que, nunha facultade instalada nun edificio histórico, as tarefas céntranse na actualización das infraestruturas de xeito gradual pero continuo, en función da urxencia das actuacións, para levar a cabo o mantemento da construción mentres non se produza a desexada rehabilitación integral do inmovible. Neste momento estase a desenvolver o plan director do mesmo.

O feito de que se trate dun edificio histórico supón un problema para a accesibilidade de persoas con dificultades especiais. Non obstante, o edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo conta cun ascensor que comunica as plantas principais da facultade e permite salvar os espazos non adaptados para estas necesidades especiais.

O edificio conta cun total de 19 aulas e 8 seminarios (<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/infraestruturas.html>). Todos eles están dotados de sistemas de videoconferencia multipunto, ordenador e canóns de proxección múltiple, proxección

dixital, conexión a internet e conexión wifi. Así mesmo cóntase cun laboratorio, un aula de Cartografía, dúas aulas de informática (57 postos), un laboratorio, un aula do Máster de contemporánea

Así mesmo a biblioteca do centro dispón dunha dotación de fondos ampla (Datos.- Recursos bibliográficos e de infraestrutura bibliotecaria (1), Curso 2009-2010.- 114.990 monografías e 2.477 publicacións periódicas, Curso 2010-2011.- 121.822 monografías e 2.606 publicacións periódicas; Curso 2011-2012.- 124.113 monografías e 2.844 publicacións periódicas; Curso 2012-2013.- 125.959 monografías e 2.732 publicacións periódicas; Curso 2013-14.- 129.344 monografías e 2.780 publicacións periódicas; Curso 2014-15.- 132.974 monografías e 3.076 publicacións periódicas; Curso 2015-16.- 131.824 monografías e 3.227 publicacións periódicas. Fonte.- Informe Biblioteca da Facultade).

De igual xeito que coas infraestruturas presentes na Facultade, outro aspecto a ter en conta son os servizos que se ofertan aos estudantes para a realización das Prácticas académicas externas -PAE-; a titulación conta cun número significativo de convenios, mais de corenta, con outras tantas institucións relevantes da Comunidade galega, (Fonte.- <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeoehistoria/descargas/Convenios-Practicas-Externas-2017-18.pdf> ).

Igualmente pódese mencionar tamén o feito de que dentro dos servizos da Facultade, está o de facer unha presentación da titulación, en soporte multimedia do mesmo xeito que entre os seus servizos tamén oferta Xornadas de orientación profesional, para os alumnos dos últimos anos da titulación.

### **DIMENSIÓN 3. RESULTADOS**

#### **CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:**

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspondense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### **6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Todas as actividades, técnicas e metodoloxías que se empregan na docencia do Grao Xeografía e Ordenación do Territorio así como os sistemas de avaliación que se seguen están vencelladas ás competencias que o alumnado debe obter en cada una das materias da titulación e nos seus respectivos cursos. A información referida a estes aspectos especificanse nas programacións das diferentes materias, no que figuran os diferentes obxectivos, contidos, bibliografía, competencias, metodoloxía do ensino-aprendizaxe, sistema de avaliación, tempo de traballo e recomendacións que o alumno acada coa superación das mesmas. (Fonte. <http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/programas.html?plan=12734>)

O feito de que estas competencias encadéanse ao longo dos anos de formación do alumnado reflíctese no número de alto de TFG que os alumnos defenden, no que se acada niveis de un importante porcentaxe sobre o número de matriculados (Fonte.- <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeahistoria/descargas/Resultados-2016-17.pdf>)



### **DIMENSIÓN 3. RESULTADOS**

#### **CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:**

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súacontorna.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### **7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

O Grao de Xeografía e OT ten unha taxa de eficacia que supera sempre o 80%, cun ítem situado algúns anos por riba da media da Universidade (85,70), chegando a superar o 90% nalgún ano (Datos.- *Taxa de éxito*. Curso. 2009-10.- 90,12; Curso 2010-11.- 81,88; Curso 2011-12.- 80; Curso 2012-13.- 83,9; Curso 2013-14.- 90,96; Curso 2014-15.- 81,85; Curso 2015-16.- 84,55; Curso 2016-17.- 85,52. Fonte.- IN35G-S01-PM-01).

Pola contra, outro dos indicadores que se empregan para esta avaliación, o da taxa de rendemento do título (porcentaxe de créditos que superaron os alumnos dos que se matricularon nun determinado ano académico), acadan cifras que non superan case nunca o 70% (Datos. *Taxa de rendemento*.- Curso 2009-10.- 58,4; Curso 2010-11.- 62,48; Curso 2011-12.- 60,56; Curso 2012-13.- 69,25; Curso 2013-14.- 79,05; Curso 2014-15.- 65,74; Curso 2015-16.- 66,11; Curso 2016-17.- 69,5. Fonte.- IN34G-S01-PM-01). Algo semellante obsérvase na taxa de eficacia da titulación (Datos *Taxa de eficacia*. Curso 2015-16.- 93,16; Curso 2016-17.- 89,41) ou na de graduación, con datos moi negativos, por debaixo do 40% (Datos. *Taxa de graduación*.- Curso 2013-14.- 36, Curso 2014-15.- 38,33; Curso 2015-16.- 20,37; Curso 2016-17.- 36,17. Fonte IN37G-S01-PM-01). Isto leva tamén ao aumento sensible na duración media dos estudos (Datos. *Duración media dos estudos*.- Curso 2012-13.- 4,91; Curso 2013-14.- 4,4; Curso 2014-15.- 4,4; Curso 2015-16.- 4,09; Curso 2016-17.- 4,91. Fonte IN38G-S01-PM-01).

Os datos anteriores non parecen incidir na Taxa de éxito dos egresados, que supera sempre o 80% (Datos. *Taxa de éxito dos egresados*.- Curso 2009-10.- 90,12; Curso 2010-11.- 61,88; Curso 2011-12.- 80; Curso 2012-13.- 63,9; Curso 2013-14.- 90,96; Curso 2015-16.- 84,55; e Curso 2016-17.- 85,52. Fonte.- IN50G-S01-PM-01) o que contrasta coa Taxa de abandono dos estudos, que é moi alta, superior ao 40% (Datos. *Taxa de abandono RD 1393/2007*.- Curso 2013-14.- 44; Curso 2014-15.- 46,67; Curso 2015-16.- 59,26; Curso 2016-17.- 40,43. Fonte.- IN41G-S01-PM-01).

Os datos anteriores parecen entrar en contradición cos de *Satisfacción do alumnado coa docencia recibida* (Curso 2011-2012.- 3,87; Curso 2012-13.- 3,96. Curso 2013-14.- 4,02; Curso 2014-15.- 3,82; Curso 2015-16.- 3,92; Curso 2016-17.- 4,09. Fonte.- IN46G-S01-PM-01) o que debería levar á reflexión e á análise.

#### **7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O estudantado expresa unha alta satisfacción coa docencia recibida ao longo do tempo, cunha media que rolda sempre o 4 sobre 5 (un mínimo de 3,87 no curso 2011-12 e un máximo acadado, precisamente, nos últimos datos dispoñibles para o curso 2016-2017, cun 4,09. Fonte.- IN46G-S01-PM-01). Pode que a proximidade do profesorado respecto ao alumnado explique este feito (a media de alumnos por grupo de docencia interactiva está actualmente nun 20,52; nun 29,22 nos grupos de teoría. Fonte.- IN32G-PS-01). En todo caso, parece preocupante o descenso na taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (dun 42,68% no curso 2012-13 a un 20,37% no curso 2016-17. Fonte.- IN48G-PM-02): podería ser de interese dedicarlle un tempo determinado nas aulas para que o alumnado completase a enquisa. Así mesmo, o resultado da satisfacción do profesorado coa docencia impartida é dun 3,49 no curso 2016-2017 (Fonte.- IN47G-S01-PM-01): cabería estudar esta diferenza entre os resultados do ensino recibido e impartido.

O grao de satisfacción respecto das prácticas externas é elevado, cun 4,43 como dato máis actualizado, que está moi próximo ao grao de satisfacción expresado polos titores académicos: 4,3 (Fonte.- IN19G-PC-09).

En canto ao grao de satisfacción dos egresados cos servizos, os resultados nos últimos anos móvense entre un mínimo de 2,94 no curso 2015-2016 e un máximo de 3,86 no curso 2012-13. No curso 2016-2017 o resultado é dun 3,33, de xeito que se observa unha tendencia positiva neste aspecto (Fonte.- IN33G-PS-03).

Outro indicador de relevancia é o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación: o último dato do curso 2016-17 ofrece un 3,65, que está na media dos últimos anos. En todo caso, sería de interese volver acadar o 4,26 do curso 2012-13 (Fonte.- IN42G-S01-PM-01).

Un elemento fundamental na formación do alumnado é a posibilidade de desfrutar de estadias de investigación. Neste sentido, a satisfacción móstrase elevada en canto aos programas de mobilidade: o dato actual sitúase nun 4,07 (Fonte.- IN15G-PC-08).

Un factor a ter en conta para os próximos anos sería intentar mellorar a información pública dispoñible, pois os egresados sitúan no curso 2016-2017 nun 2,4 o seu grado de satisfacción neste punto (Fonte.- IN23G-PC-12).

Os indicadores mencionados, en xeral, aportan uns resultados positivos respecto a formación, servizos, mobilidade e prácticas externas. Débese seguir traballando para manter e seguir mellorando estes resultados.

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.1. RESULTADOS DE INSERCIÓN LABORAL

Nome título | Graduado o Graduada en Geografía y Ordenación del Territorio por la Universidad de Santiago de Compostela

Cohorte de egresados: 2013-2014

Egresados curso 2013/2014	1 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2015)									2 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2016)										
	Tasa de afiliación	Contrato			Jornada laboral			Grupo cotización			Tasa de afiliación	Contrato			Jornada laboral			Grupo cotización		
		Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Porcentaje de temporales	Porcentaje a tiempo completo	TP: más de media jornada	TP: menos de media jornada	Universitario	Medio, no manuales	Bajo y manual		Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Porcentaje de temporales	Porcentaje a tiempo completo	TP: más de media jornada	TP: menos de media jornada	Universitario	Medio, no manuales	Bajo y manual
22	18,2%	50,0%		100,0%	50,0%	50,0%		50,0%		50,0%	27,3%	33,3%		100,0%	25,0%	75,0%		50,0%		50,0%

Fuente: Variables e indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIU (Ministerio de Educación)

<b>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</b>			
<b>Criterios</b>	<b>Nº</b>	<b>Evidencia / Indicador</b>	<b>Documento/enlace</b>
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do Título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	<a href="#">Actas reunións 2015-16</a>
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501183_P.Ind_2016-2017
			2501183_INF.16_2016-2017
			2501183_INF.CiUG_2016-2017

1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501183_P.Ind_2016-2017
			5075_INF.03_2016-2017
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	<a href="#">Web da USC</a>
			<a href="#">Web do Centro</a>
			<a href="#">Web do Título</a>
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do Centro</a>
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os	2501183_P.Ind_2016-2017
			2501183_INF.04_2016-2017

		grupos de interese do título	5075_INF.05_2016-2017
			2501183_INF.06_2016-2017
			2501183_INF.07_2016-2017
			2501183_INF.08_2016-2017
			2501183_INF.09_2016-2017
			2501183_INF.10_2016-2017
			5075_INF.11_2016-2017
			2501183_INF.13_2016-2017
			2501183_INF.14_2016-2017
			5075_INF.21_2016-2017
			2501183_INF.22_2016-2017
			2501183_INF.23_2016-2017
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501183_P.Ind_2016-2017
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501183_E15_2016-2017
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5075_E16_2016-2017
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_I6-I7_2016-2017
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_I6-I7_2016-2017

4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501183_INF.13_2016-2017
			2501183_INF.14_2016-2017
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5075_I10_2016-2017
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	<a href="http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Convenios-de-practicas-externas-2018.pdf">http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Convenios-de-practicas-externas-2018.pdf</a>
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	<a href="http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/1Asignacion_definitiva_Grao_en_Xeografia.pdf">http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/1Asignacion_definitiva_Grao_en_Xeografia.pdf</a> <a href="http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Asignacion-definitiva-Xeografia-e-Ordenacion-do-Territorio.pdf">http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Asignacion-definitiva-Xeografia-e-Ordenacion-do-Territorio.pdf</a>
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor e cualificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	2501183_INF.15_2016-2017
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIU)	Autoinforme, Criterio 7

6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501183_P.Ind_2016-2017
			2501183_INF.17_2016-2017
			2501183_INF.18_2016-2017
			2501183_INF.19_2016-2017
			5075_SIIU_2016-2017
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501183_P.Ind_2016-2017
			2501183_INF.CiUG_2016-2017
7	I14	Resultados de inserción laboral	2501183_EIL-SIIU_2016-2017

<b>MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS</b>	
<b>MODIFICACIÓN</b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>



## Accións de mellora Curso 2016-17

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	AM-1 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	Aseos da primeira planta en situación obsoleta.
Definición/ descripción proposta	Tal como se fixo nos aseos do resto do edificio, é necesario que se faga a renovación dos aseos da primeira planta e a súa adaptación para persoas con discapacidade.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 03/04/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non
Responsables	Francisco R. Durán Villa
Comprobación Acción	<a href="#">AM-1</a>
Descrición Comprobación	
Data Comprobación	. 10/01/2017
Incidencias	Non se pudo realizar ningún tipo de obra no edificio mentras no se produza a aprobación e redacción do plan director do inmovible que nestes momentos esta redactándose
Axustes/Novas Tarefas	--

<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-2 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	Mal estado de conservación dos espazos comúns.
Definición/ descrición proposta	Pintura e acondicionamento de espazos comúns.
Datas	Finalización: 03/04/2017; Inicio: 10/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Si
Responsables	Francisco R. Durán Villa
Comprobación Acción	AM-2
Descrición Comprobación	Pintáronse e saneáronse pasillos e espazos de escaleiras da facultade
Data Comprobación	10.02.2017
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	AM-3 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	Requisito requerido por el SGIC.
Definición/ descripción proposta	O SIGC contempla a necesidade de elaborar un plan estratéxico para as titulacións do centro. Esta acción de mellora ven derivada dos informes de seguimento do curso 2014-2015.
Datas	Finalización: 30/11/2017; Inicio: 01/02/2017
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : No
Responsables	Francisco R. Durán Villa
Comprobación Acción	AM-3
Descrición Comprobación	
Data Comprobación	
Incidencias	Esta pendente de realización na segunda metade do ano 2018
Axustes/Novas Tarefas	

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	AM-4 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	Nos primeiros anos de implantación dos graos as comisión tiveron un papel relevante que, co paso do tempo, tendeu a súa desactivación.
Definición/ descrición proposta	Impulsar a reactivación das comisións de grao.
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 30/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : -Si
Responsables	Francisco R. Durán Villa
Comprobación Acción	<a href="#">AM-4</a>
Descrición Comprobación	Reactivouse o funcionamento das comisión mediante á utilización de aulas de coordinación horizontal e vertical nos títulos
Data Comprobación	30.09.2017
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	AM-5 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	Mal estado de conservación do acceso traseiro do edificio.
Definición/ descrición proposta	Esta previsto o acondicionamento do acceso traseiro do edificio, tanto para vehículos de servizo como para persoas, nivelando a superficie.
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 10/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : Si
Responsables	Francisco R. Durán Villa
Comprobación Acción	<a href="#">AM-5</a>
Descrición Comprobación	Nivelouse a superficie por medio do recheo con terra. Unha maior intervención non se pudo materializar xa que o edificio esta pendente do plan director
Data Comprobación	Junio de 2017
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	AM-6 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	Tense observado a necesidade de que o alumnado dos títulos impartidos no centro teñan unha formación complementaria en sistemas de información e manexo de bases de datos bibliográficas.
Definición/ descrición proposta	Impulsar a participación do alumnado nos cursos que se desenvolven na biblioteca do centro.
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 30/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : --
Responsables	Francisco R. Durán Villa
Comprobación Acción	<a href="#">AM-6</a>
Descrición Comprobación	Realización do seguinte curso: COMPETENCIAS INFORMACIONAIS ARTE (30.01.2017- 05.03.2017) 25 horas (61 asistentes)
Data Comprobación	Marzo 2017
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	

Acción de mellora  
Curso 2016/17



Facultade de Xeografía e Historia,  
 Praza da Universidade, 1,  
 15702 Santiago de Compostela  
 Tlfo: 981 912989. Fax: 981 912739  
 Correo electrónico: gis@usc.es

## ACCIÓN: AM-1

**Sistema de xestión** Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

**Finalización do proceso previsto** 3 Setembro 2018

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Francisco Ramón Durán Villa

**Responsables do seguimento** Comisión de Título

**Análise da(s) causa(s)** Detéctase descoordinación nas prácticas de campo dos alumnos entre os diferentes docentes

**Descrición da proposta** Impulsar a coordinación nas saídas de campo entre diferentes materias do mesmo curso. De esta forma, refórzase unha visión unitaria e integral da xeografía.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-1.1 - Verificar o seguimento de coordinación docente	Francisco Ramón Durán Villa	Activa	03/09/2018

**En construción**

## ACCIÓN: AM-2

**Sistema de xestión** Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

**Finalización do proceso previsto** 3 Setembro 2018

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Francisco Ramón Durán Villa

**Responsables do seguimento** Comisión de Título

**Análise da(s) causa(s)** Escasa conexión entre o ensino medio e a Universidade

**Descrición da proposta** Animar a realización de actividades didácticas conxuntas entre o alumnado de diferentes cursos para fortalecer as canles de comunicación entre os niveis de Bacharelato e a Universidade: Participación nas Olimpíadas da Xeografía e nos Concursos de Fotografía, promovidos a escala estatal.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-2.1 - Verificación da realización das diferentes actividades	Francisco Ramón Durán Villa	Activa	03/09/2018

**En construción**



## ACCIÓN: AM-3

**Sistema de xestión** Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

**Finalización do proceso previsto** 10 Setembro 2018

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Francisco Ramón Durán Villa

**Responsables do seguimento** Comisión de Título

**Análise da(s) causa(s)** Alto número de actas entregadas fora de prazo

**Descrición da proposta** Realizaranse sesións informativas e recordatorias sobre o calendario de actas e o seguimento de que os docentes as entreguen en prazo

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-3.1 - Verificación de realización dos sistemas recordatorios y comprobación de que han sido remitidas en prazo	Francisco Ramón Durán Villa	Activa	03/09/2018

**En construción**